

1

MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

UNHA INFANCIA ESTREMEÑA




María Victoria Moreno Márquez naceu en Estremadura, na localidade de Valencia de Alcántara, en 1939 –aínda que logo, na adolescencia, diría que nacera en 1941, para facer cadrar a súa idade coa das compañeiras de estudos–.

Seu pai, o militar Vicente Moreno, fora mobilizado en 1937 na Facultade de Dereito para ir á fronte. Nesa altura, aproveitou un permiso e casou coa mestra Sara Márquez. Ela quedou na casa dun irmán seu que estaba destinado como policía na vila onde nacería de forma circunstancial a pequena Victoria.

Ao rematar a Guerra Civil, trasladáronse a Badaxoz e logo a Segovia e tiveron tres fillos máis: Sara, Antonio e Rafael. En 1949, por causa da tuberculose, morreulle o pai e a nai comezou a traballar como mestra en Sepúlveda. Neste concello non había instituto e a situación económica da familia era difícil; por iso, María Victoria só puido empezar o bacharelato aos doce anos, en 1951, cando conseguiu unha bolsa de estudos para estudar interna nun colexio da Sección Feminina da Falanxe, en Barcelona.

Malia que estremeña de orixe, María Victoria sentíase galega, e con razón: Estremadura foi a terra dos seus primeiros anos, mais logo residiu en moi diversos lugares ata que chegou a Galicia, onde botaría raíces e pasaría a maior parte da vida.

Na imaxe de fondo, Valencia de Alcántara (Cáceres), vila natal de María Victoria Moreno.



2

MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

ESTUDANDO LINGUAS

As linguas marcaron a vida de María Victoria Moreno xa desde moi nova. Pasou a súa infancia na Raia, entre dúas linguas: o castelán e o portugués.

BACHARELATO E UNIVERSIDADE

Con 12 anos marchou a Barcelona para cursar o bacharelato. Nesa cidade aprendeu o catalán e o francés e comezou a interesarse polo latín. Tamén descubriu o pracer da lectura lendo *O Quixote* e *O principioño*. Despois estudou en Madrid, na Universidade Complutense, para ser filóloga. Este termo significa “quen ama a palabra” e defínea moi ben.

PAIXÓN POLOS IDIOMAS

María Victoria sentía paixón polas linguas. Dominaba o galego, o español, o catalán, o francés, o italiano e o portugués e coñecía o latín, o árabe, un pouco de ruso e de romanés, e mesmo o sistema Braille. Porén, elixiu aprender, falar, escribir e vivir en galego.

TRADUCIÓNS LITERARIAS

María Victoria Moreno non só escribía as súas propias obras, senón que tamén era tradutora, un xeito de **conectar mundos** coa palabra, a súa prezada ferramenta. Entre outras obras, traduciu ao galego a novela de ficción científica *Mecanoscrito da segunda orixe*, de Manuel de Pedrolo, que acadaría un enorme éxito, e ao castelán *O can Rin e o lobo Crispín*, de Carlos Casares.

Tamén é moi salientable, no seu labor de divulgación da literatura galega contemporánea, a edición en versión bilingüe de *Os Novísimos da poesía galega*.

MESTRES ILUSTRES

Durante a súa etapa de estudante universitaria, María Victoria tivo ocasión de asistir a aulas impartidas por Rafael Lapesa ou Dámaso Alonso.

B

MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

1963: GALICIA

ENCANTRO CON GALICIA

Tras rematar a carreira de Filoloxía Románica en 1963, María Victoria Moreno casa con José Luis Llácer e trasládase con el a Galicia. Logo de dous anos como profesora interina en Pontevedra, aproba as oposicións e vai vivir a Lugo, onde dá clases no Instituto Masculino. Alí coñece a Xesús Alonso Montero, que influirá de forma decisiva na súa decisión de adoptar o galego.

En 1967 regresa á Vila do Lérez, da que quedara namorada pola suavidade do clima e a súa beleza. Este será o seu destino definitivo, pois nela desempeñará a maior parte da súa carreira como docente e o seu labor de novelista, poeta, ensaísta, tradutora, editora...



"UNHA HISTORIA DE AMOR"

O seu encontro con Galicia podería cualificarse como unha auténtica "anagnórise", xa que María Victoria logo se decatara de que a súa identidade estaba vinculada á nosa terra e á nosa cultura. Ela mesma afirmaba cara ao final da súa vida: "a miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor".

De feito, podería dicirse que a súa defensa e promoción da nosa lingua e cultura constituíu un dos seus proxectos máis fermosos e por el, sen dúbida, merecerá ser recordada polas vindeiras xeracións.

María Victoria chega a Galicia en 1963 e, curiosamente, nese mesmo ano instáurase a celebración do Día das Letras Galegas. A autora elixida entón foi Rosalía de Castro, unha das súas escritoras preferidas.


Ela é a cuarta muller á que se lle dedica esta efeméride; as outras dúas foron Francisca Herrera (1987) e María Mariño (2007).




4

MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso



VOCACIÓN DOCENTE



O meu corazón florece nas aulas.

En 1963 comezou o seu labor de profesora no Instituto Feminino de Pontevedra. Logo de aprobar as oposicións de lingua e literatura española, exercería a docencia no Instituto Masculino de Lugo e, dous anos despois, regresaría ao seu primeiro centro. De 1986 a 1990 deu clase en Vilalonga e, finalmente, no IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra.

Ser profesora non era para ela unha obriga (sorprendíase de cobrar por un traballo que lle producía tanta ledicia). Amaba a lingua e a literatura e amaba compartila co seu alumnado e fomentar nel o pracer da lectura e da escrita. Grazas á súa empatía, moitos destes alumnos sentíronse recoñecidos e renacidos nas súas clases. Ningún quedou indiferente a esta especial relación que tiña María Victoria coas persoas e coas letras.

A súa paixón pola docencia reflíctese nas súas obras, nas que defende un ensino libre, sen autoritarismo, baseado no xogo e no afecto.

...Na aula véxome como si estivera nun parque, ó aire libre, nun día de sol, dando de comer ás pombas na miña man.

O perfecto sería que os que temos vocación de mestres puidésemos compartir cos alumnos estas revelacións que nos fixo a vida.



5

MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

SOMBRA E LUZ

POSGUERRA E DITADURA

María Victoria Moreno naceu nunha época convulsa: os primeiros anos da posguerra e do que había ser unha longuíssima ditadura. Esta circunstancia íaa marcar e, xa desde a súa etapa de estudante en Barcelona e Madrid, sitúase dentro do que poderíamos chamar resistencia interior.

DEFENSA DA CULTURA E DA LIBERDADE


Unha vez en Galicia, a partir dos anos sesenta, a súa actividade céntrase no activismo cultural e, especialmente, na defensa e difusión da lingua galega. En 1973 creou, cun grupo de amigos, a librería Xuntanza, auténtica trincheira na loita pola liberdade e a divulgación dos libros e a cultura; nela podíanse mercar libros prohibidos pola censura.

De forma paralela ao seu traballo como profesora, de 1972 a 1974 impartiu, de maneira semiclandestina, cursos de galego en Pontevedra, Vilagarcía e Ourense. Por causa destes últimos, as forzas represivas do réxime chegaron a abrirlle un expediente policial e a retirarlle o pasaporte. Ata o último momento, a ditadura amosaba as súas gadoupas.

Coa chegada da democracia, continuou co seu labor a prol da cultura e da lingua galega. Impartiu cursos de galego para docentes e codirixiu a Colección Arbore da Editorial Galaxia. Tamén foi unha das fundadoras de GALIX, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.

ESPAÑA

SAPORTE





MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

FAMILIA, AMIZADES



O compromiso como actitude existencial é parte constituinte da personalidade de María Victoria Moreno. Compromiso co país, coa lingua, coa cultura... mais tamén coas persoas coas que lle tocou compartir vida, traballo, paixón creativa e, por suposto, desacougos e penalidades.

Desta empatía vital poden aínda hoxe dar testemuño, á parte do seu círculo familiar, unha infinidade de estudantes que pasaron polas súas aulas, os compañeiros e compañeiras no traballo docente e na creación literaria e unha chea de xente de toda clase con quen a escritora mantiña sempre unha actitude cálida e agarimosa.

María Victoria gustaba da vida social, mais tamén da intimidade familiar, e era frecuente que na súa casa se organizasen animadas reunións nas que tamén participaban os seus fillos, Begoña e Carlos, e a música quedaba a cargo do seu marido, o pianista invidente José Luis Llácer, a quen coñecera na súa etapa de estudante en Madrid.

Tras falecer Llácer en 1996, María Victoria casaría co mariño e escritor de orixe cubana Pedro Ferriol, o compañeiro indispensable nos últimos anos de vida e creación literaria.

Para María Victoria, como para a maioría das mulleres do seu tempo, non foi doada a conciliación do traballo creativo e intelectual coa vida familiar e os labores domésticos. Sobre esta circunstancia fai no seu *Diario* unha descarnada reflexión.

Naqueles tempos pasados arelaba horas de lecer porque non as tiña e arelaba así mesmo momentos de soledade para a lectura e a reflexión porque as tarteiras, as lavadoras, o ferro de pasar e o supermercado ocupábanme mesmo o tempo que debía dedicar ó sono e ó descanso.



MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

POETA e NARRADORA

*Se eu achase a palabra
limpa, espida, que cabe
no efémero latexo dun salouco
e abrangue a eternidade...*

POESÍA

María Victoria Moreno mantivo sempre unha fonda relación coa poesía. De feito, Rosalía de Castro, Antonio Machado, Miguel Hernández e Federico García Lorca foron os seus grandes referentes literarios.

Publicou en galego contos en verso para o público infantil, como *¿Un cachiño de bica?* (1994) e *¿E haberá tirón de orellas?* (1997), *¡Xa non teño medo!* (1998) e, uns anos despois, *Eu conto, ti cantas...* (2005); e, para o público adulto, a obra *Elexías de luz* (2006), aparecida xa de forma póstuma.

PROSA

Como narradora en galego, a súa traxectoria comeza en 1973 con *Mar adiante*, unha obra que a converte nunha das pioneiras da literatura infantil e xuvenil galega, e continúa con *O cataventos* (1975), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), o seu libro preferido, *Anagnórise* (1988), a súa novela máis popular, que acadaría unha enorme difusión e recoñecemento, *A brétema* (1999) e *Guedellas de seda e liño* (1999).

En 2009 sae do prelo *Onde o aire non era brisa*, versión galega da súa primeira novela, escrita en 1969, e, en 2017, *O amor e as palabras*.

A presenza de animais e de protagonistas femininas, a defensa da igualdade, o ensino e a atención aos problemas da infancia e da adolescencia son algunhas características das súas obras, escritas case todas para o público infantil e xuvenil.

¿Un
cachiño
de bica?

8

MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

DIARIOS, ENSAIOS,

TRADUCIÓNS...

Eu son eu. Son así. Estou contenta de min mesma.
Abonda para seguir vivindo en harmonía co
destino que foi escrito para min desde as estrelas.

ENSAIOS E DIARIOS

Malia ser coñecida basicamente como autora de literatura infantil e xuvenil, María Victoria cultivou case todos os xéneros literarios, incluído o ensaio. En 1991 publicou *As linguas de España*, onde analiza as actitudes ante o galego e *Verso e prosa*, unha introdución aos estudos literarios.

En *Diario da luz e a sombra* (2004) fai un intenso e conmovedor relato da súa experiencia como enferma de cancro.

MANUAIS DE LITERATURA

A súa paixón polo ensino levouna a publicar libros de texto en galego, nunha época en que apenas existían manuais de literatura contemporánea. Escribiu, en colaboración con Xesús Rábade Paredes, *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria* (1985), e *Literatura. 3º de BUP*, con Rábade e Alonso Girgado.

TRADUCIÓNS

María Victoria concedíalle grande importancia á súa faceta de tradutora, na que se iniciara na etapa universitaria con traballos para a ONCE. Consciente da necesidade de lle fornecer ao alumnado obras literarias doutras culturas, contribuíu a fomentar a lectura e a normalizar o galego coas súas traducións de libros de Manuel de Pedrolo, Hans Christian Andersen ou Luz Uribe; e, ao traducir a outras linguas obras de Carlos Casares, Helena Villar Janeiro, Xesús Pisón e os poetas máis novos, tamén divulgou a literatura galega e deu a coñecer a nosa cultura fóra da nosa terra.





MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso



CANS, coma nós, fóra a alma

Cando dean as cinco e eu quite a Alma a pasear iremos ela e mais eu soas mundo adiante, por rúas poboadas de descoñecidos. Ela irá feliz porque é moi rueira, buscará trazas de cans en cada recanto e sentirá que o mundo é noso.

Os animais, especialmente os cans, tiveron unha grande importancia na vida de María Victoria. Na súa casa sempre houbo cans e para ela tamén formaban parte da familia.



Afirmaba non facer nunca cos animais o que non faría coas persoas, pois entendía que quen lle fai mal a un animal indefenso tamén é quen de llelo facer a elas. O seu amor polos cans é paralelo ao que sentía polos seus alumnos e alumnas, ata o punto de que lles chamaba os seus cachorros e gabábase de tratalos igual.



Tamén nas súas obras a presenza de animais é habitual. A miúdo, os seus relatos e poemas teñen como protagonista un animal; por exemplo, en *Leonardo e os fontaneiros*, unha das súas novelas máis coñecidas, o protagonista é un can abandonado; os contos de *Mar adiante* están protagonizados por un vagalume, un lobo bo... E os seus cans Nico, Alma e Nica aparecen en "Nico e Miños", *¿E haberá tirón de orellas?* e *¿Un cachiño de bica?*

Sen dúbida, isto ten que ver coa forte conciencia natural e ecolóxica que impregna a obra de María Victoria, lonxe da supremacía soberbia que o ser humano adoita exercer sobre o resto das especies naturais.



- Conciencia ecolóxica
- Feminismo
- Compromiso social

Tres trazos esenciais presentes na vida e na obra de María Victoria Moreno



10

MARÍA VICTORIA MORENO

Vida, creación e compromiso

UN ÚLTIMO ATRASALLO

*A M^{ra} Victoria Moreno,
que ponse ese feitiço lírico, ese
recendo natural e sabio (entre alti-
vo e xeneroso) da seda e do liño;
a unha escritora, mestra de
escritoras, mestra miña, a unha
amiga.*

De corazón

Enza

Pontevedra, xaneiro do 2000

BIBLIOTECA MARÍA VICTORIA MORENO

María Victoria Moreno amaba os libros e a lectura e, ao longo da súa vida, foi xuntando unha extensa biblioteca na que quedaban patentes os seus gustos literarios e os seus intereses académicos. Nun xesto de gran xenerosidade, legoulle ao IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, o centro no que desenvolveu a última etapa da súa carreira profesional e co que mantiña unha maior vinculación.

Son de salientar, neste fondo de máis de 4 500 volumes, unha valiosa colección de quixotes e os estudos sobre Cervantes e os clásicos da literatura española. Canto á literatura galega, tamén hai unha ampla representación de obras, moitas delas con dedicatorias dos autores, que proban o afecto que suscitaba entre os seus compañeiros.

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

Ao longo da súa traxectoria, obtivo diversos premios e recoñecementos.

Foi finalista do Premio Café Gijón e gañadora dos Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães, así como de dúas edicións do Concurso de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho e do 3.º Premio O Barco de Vapor de 1985. Ademais, figura na Lista de Honra do IBBY. En 2006 foi a autora homenaxeada no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e, desde o 2018, unha das avenidas desta cidade leva o seu nome; preto dela, unha placa sinala a súa casa e amosa unha cita tomada de *Anagnórise*: “As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos”.

*Para
M^{ra} Victoria
e Xosé Luis, e facer
este prólogo - e facer
os versos - no que
me de verdade
cunha afección
aprofundada.*

Xu

*Para María Victoria levo 10,
coa esperanza posta na miña
galeguedade, estas cróni-
cas honradas que dan*

NOTICIAS DUNHA ALDEA

Cunha afección fraternal de

Paquito

LEGADO MARÍA VICTORIA MORENO

*Queida Victoria
co libro máis doche un
beixiño*

Paquito

Santiago 17-Marzo 1983

*P.D. eu non sei escribir como ti...
por iso me mande cartas de outis...*

*Para María Victoria
e Xosé Luis*

Paquito

PAUTO DO DEMO